



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 120

DENOMINACIÓN DE SERIE: Expedientes preparatorios das reunións da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Cultura).

FUNCIÓN:

Alta Dirección da Comunidade Autónoma. Goberno da Comunidade Autónoma.

ÓRGANO PRODUTOR:

Conselleiro Adxunto ó Presidente para a Cultura. Secretaría Xeral (03-03-1982/28-12-1982).

Consellería para a Cultura. Secretaría Xeral Técnica (29-12-1982/15-09-1983).

Consellería de Educación e Cultura. Secretaría Xeral Técnica (16-09-1983/02-03-1986).

Consellería de Cultura e Benestar Social. Secretaría Xeral Técnica (03-03-1986/29-09-1987).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería de Cultura e Deportes. Secretaría Xeral Técnica (30-09-1987/05-02-1990).

Consellería de Cultura e Xuventude. Secretaría Xeral Técnica (06-02-1990/12-12-1993).

Consellería de Cultura. Secretaría Xeral (13-12-1993/06-06-1996)

Consellería de Cultura e Comunicación Social. Secretaría Xeral (07-06-1996/09-12-1997).

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Secretaría Xeral (10-12-1997/03-08-2005).

Consellería de Cultura e Deporte. Secretaría Xeral (04-08-2005/14-04-2009).

Consellería de Cultura e Turismo. Secretaría Xeral (20-04-2009/02-02-2011).

Consellería de Cultura e Turismo. Secretaría Xeral Técnica (03-02-2011/03-01-2012).

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral Técnica (04-01-2012/).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DATAS EXTREMAS:

No Arquivo de Galicia: 1986-1990

CARACTERES EXTERNOS

CLASE: Textual

SOPORTE: Papel

FORMATO: Carpetiña

FORMA: Orixinal

VOLUME: 16 UI.

DEFINICIÓN:

Son os expedientes que reflicten o proceso de preparación e celebración das reunións da Comisión de Secretarios Técnicos en cada consellería.

Os proxectos que cada centro directivo propoña para aprobación do Consello da Xunta de Galicia ou das súas comisións delegadas deberán ser previamente enviados ao resto de consellerías co obxecto de que formulen as observacións ou reparos que coiden pertinentes.

O reparto dos proxectos deberá facelo directamente a consellería propoñente enviando unha copia aos secretarios xerais do resto das consellerías.

A orde do día da reunión da Comisión de Secretarios Técnicos, que informará os asuntos que serán sometidos ao Consello, a elaborará o secretario de Goberno (secretario xeral da Consellería de Presidencia) de



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

acordo coas instrucións do Conselleiro de Presidencia, tendo en conta as propostas enviadas polos secretarios xerais das consellerías.

Formada a orde do día, o Secretario Xeral da Consellería da Presidencia (Secretariado do Goberno) a remitirá a todos os vocais da Comisión dous días antes da reunión.

LEXISLACIÓN:

Decreto 76/1982, do 21 de abril, polo que se aproba o Regulamento provisional de réxime interior da Xunta de Galicia (DOG núm. 7, do 4 de maio).

Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das Secretarías Xerais Técnicas. (DOG núm. 23 do 27 de outubro).

Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o regulamento de réxime interior da xunta de Galicia. (DOG núm. 141, do 24 de xullo).

Decreto 57/1994, do 25 de marzo, polo que se modifican determinados artigos do regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio (DOG núm. 63, do 4 de abril).

PROCEDEMENTO:

- Remisión da convocatoria da reunión da Comisión de Secretarios por parte do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Presidencia



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

(Secretaría do Goberno) aos secretarios das diferentes consellerías e solicitude de remisión de propostas.

- Envío de propostas polos secretarios xerais das consellerías
- Formación da orde do día polo Secretariado do Goberno e remisión aos membros da Comisión.

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- Oficio do secretario xeral Técnico da Consellería de Presidencia (Secretaría do Goberno) ao secretario da consellería convocándoo á reunión da Comisión de Secretarios e solicitando a remisión de propostas.
- Oficio remitindo proposta de Orde do día ao Secretario Xeral Técnico da Consellería de Presidencia (minuta). Acompaña proposta de orde do día.
- Oficio remitindo copia da proposta de orde do día ao resto dos Secretarios Xerais Técnicos (minuta). Acompañan copias da proposta con acuse de recibo.
- Oficios de remisión de copia das propostas de ordes do día das diferentes consellerías. Acompañan copias das diferentes propostas.
- Oficios de remisión de copias dos proxectos de disposicións das diferentes consellerías.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Oficio de remisión da Acta da anterior reunión da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos enviada polo Secretario Xeral Técnico da Presidencia. Acompaña acta asinada polo Conselleiro da Presidencia.
- Notas manuscritas

ORDENACIÓN: Cronolóxica

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN/CONTROL

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Deixan constancia da actividade de preparación das reunións da Comisión de Secretarios Xerais Técnicos. A súa vixencia teórica establécese nos catro anos que dura unha lexislatura.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Deixan constancia dun mandato normativo e constitúen e conteñen proba da actividade realizada e dos acordos acadados na reunión de secretarios xerais técnicos. Pero este valor vese moi reducido pola existencia doutra serie principal.

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Reflicten, por unha banda, o funcionamento deste órgano colexiado estreitamente relacionado co Consello da Xunta e, por outro, achegan valiosa información sobre os acordos tomados e sobre o proceso de

Arquivo de Galicia. Identificación e avaliación de series documentais.

Alta Dirección da Comunidade Autónoma. Goberno da Comunidade Autónoma.

120: Expedientes preparatorios da reunión da Comisión de Secretarios Xerais (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Cultura)



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

elaboración de disposicións legais e regulamentarias. Pero este valor vese moi reducido pola existencia doutra serie principal.

SERIES PRECEDENTES:

SERIES RELACIONADAS:

Expedientes da reunión do Consello da Xunta de Galicia.

SERIES PARALELAS:

Expedientes preparatorios das reunións da Comisión de Secretarios Xerais do resto de consellerías.

SERIES PRINCIPAIS/SUBORDINADAS:

Expedientes das reunións da Comisión de Secretarios Xerais (Secretaría do Goberno).

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES:

DOCUMENTOS COMPILATORIOS:

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DA CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo Central: 1ano

RÉXIME DE ACCESO:

Restringido, segundo o artigo 37.5. a da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico e procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de valoración:

Proposta:

Eliminación total aos 5 anos no Arquivo Central.

ÁREA DE NOTAS

- DENOMINACIÓN: o primeiro nome da comisión é de Secretarios Xerais Técnicos. Polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, pasa a chamarse de Secretarios Xerais. A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración da xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro), recuperou a vella denominación ao reservar a de secretarías xerais para aqueles órganos directamente responsables da execución da acción de goberno nun sector de actividade específico nunha consellería baixo a dirección da persoa titular desta. Os novos nomes fanse efectivos por primeira vez a través do Decreto 8/2011, do 28 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 23, do 3 de febreiro de 2011).

Custódianse ademais no Arquivo de Galicia series paralelas correspondentes ás consellerías de Presidencia, Facenda, Medio Rural e do Mar, Sanidade, Traballo e Servizos Sociais.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- PROCEDIMENTO: baseado no Decreto 11/1984, do 25 de maio.

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: setembro de 2011.

Data de revisión: febreiro de 2013.